

## Radio y TV en Galicia

### E a imaxe e a voz fiminina da experiencia Teresa Navaza, 14 anos na TVE en Galicia



Un momento no Magazine no que Teresa demostra a súa sultura diante da cámara

Catorce anos de experimentación de TV en Galicia, de cambios e novidades, de adelantos, presaxio, quizáis de outros maiores, a través dunha muller interesada sempre na muller, nos seus problemas, aínda que reconece que, desde que entrou no mundo este da transmisión ó público

da actualidade, os 17 anos, non atopou mais que facilidades. Dazasete anos que foron cheos dun interés polo mundo das ondas, na SER, polo seu traballo periodístico, e que lle valen de catapulta cara a televisión, onde, confesa ante o micrófono, atópase ben, a gusto.

—¿Onde situas o teu punto de partida dentro dos medios de comunicación?

—Na radio. Empezara a traballar na SER, en Santiago, no ano 65. Despois dunha etapa de aprendizaxe, recordo que veu Basilio Rogado coma director, Galicia estaba practicamente incomunicada respecto do resto do Estado español, en canto a información. Era a época en que empezaba en Madrid Hora 25. Daquela, quedei coma corresponsal en Galicia, que por primeira vez empezaba a ter voz na programación nacional. Entón comenzo para min unha etapa de moitísimo traballo a nivel estatal, é dicir, Hora 25, Matinal Cadena SER, e incluso programas musicais nos 40 Principales, cun esquema totalmente diferente a como é hoxe.

A raíz deses programas escoitome en Madrid xente de Televisión, e cando Luis Mariñas pasou a ser director deste Centro Rexional, chamáronme para facer unhas probas, e ó pasalas comencei a traballar. Era o ano 73, e aquí estou ata hoxe.

—¿Recordas algunha anécdota ou algún detalle interesante despois de tantos anos en televisión?

—Anécdota en si, non. O único é que naqueles primeiros tempos, igual que na radio, todo era moi artesanal, tiñamos que facer de todo, non tiñamos moitos medios nin moito persoal. Houbo un momento que na redacción eramos soamente Luis Mariñas, Pumar e mais eu. Imaxínate, tres persoas. Pero vaia, tamén hai que confesar que nun principio había pouquíssimos programas con Madrid: interven-

cións diarias para informar do tempo, e das cousas máis sobresaíntes, etc. Logo xa se empezaron a facer informativos de dez minutos, un cuarto de hora, despois, ata chegar, pouquiño a pouquiño á programación que temos hoxe.

Vaia, pero o que se di anécdotas non recordo. Dicar que coñecín a persoas moi interesantes, aínda que eso lle pasa a toda a xente que traballa en medios de comunicación. E sobre todo, quero resaltar o ambiente de compañerismo que reinou sempre no noso traballo en televisión. Sempre traballei cunha xente moi agradable.

—Segundo a túa opinión, ¿cáles foron os cambios máis notables producidos no Centro Rexional de TVE en Galicia?

—Pois mira, pasou de ser unha sorte de delegación que tiña aquí Madrid para cando lle interesaba algunha noticia, ou para as novas do tempo ou do fútbol cando o Deportivo e o Celta estaban en Primeira División. De eso pasou a ter logo unha programación propia, toda en galego, na época en que había programación do Centro pola tarde e pola mañán. O esforzo foi grande, tendo en conta os medios humanos e aínda físicos do local que tiñamos a disposición.

A min paréceme que houbo bastantes cambios, o ser os primeiros nunha etapa na que non había outra televisión aquí, tratar de informar... creo que se fixeron cousas interesantes, e que se foi mellorando, no senso de sacar diferentes programas, de diferentes parcelas, sobre todo en dúas que penso son importantísimas, coma son o agro e o mar. Tratamos

tamén de estar abertos a todo o mundo.

En xeral, non te podería dicir que cambios houbo, penso que están bastante visibles. E claro, isto é só un primeiro paso, que todos aspiraríamos a ter moitísimas horas de programación, coma ten Cataluña, pero isto de momento paréceme imposible, aínda que está a porta aberta, para coller nova xente, e ó final parece que o Centro se vai facer, anque as cousas vaian un pouco lentas. E por suposto, se non tes un bó Centro non podes facer producións de programas, porque nestas condicións actuais non se pode. Pero vaia, supoño que todo se andará. Si eu o vou ver, non o sei, sempre digo de broma que cando estea xubilada.

—¿Cál son as túas ambicións dentro da televisión?

—Realmente, seguir como estou; e dicir, sempre emprendo todo o que me encargan, despois de tantísimos anos, por exemplo, de face-los informativos, pasei a levar o magazine da sobremesa. E aínda que este tipo de experiencia xa a tifa de a radio, nunca o levarei na televisión. E falando deste magazine, hai que reconecer que é o programa en directo máis longo que se fai en Televisión Española: un programa de máis de dúas horas en directo, sen interrupcións de seriales polo medio, non se está facendo. Esta experiencia foi coma un reto, que me satisfizo, sobre todo porque conecta con moitísima xente, tes que estar ó día en moitísimas cousas. E así estou ben, polo que xamás me marqueei unha meta, o ter que chegar ata tal ou cal punto. Non, pola contra son da opinión

de que as cousas que se me ofrecen, se as acepto, teño que faceloas o mellor que saiba. Ademais, marcarse metas ten que ser un pouco angurriante, estar plantexandote unha meta, sempre con posibilidades de non alcanzala, e se a alcanzas, de seguido poñer outra, sen descanso. Neste senso, o único que me interesa e estar minimamente contenta comigo mesma e ser minimamente coherente comigo mesma. Esta si é a miña meta.

—Fálanos da túa experiencia na radio. ¿Deixachela abandonada ó comenzo a traballar na televisión?

—Non, decíate antes que comencei na TV no 73, e estiven na radio, compaxinando os dous medios, ata o ano 80 no que deixei a radio. E nese intermedio estiven tamén traballando seis meses na delegación en Santiago de "La Voz de Galicia", na época que estaba aínda Jesús Alviño. Meu traballo consistía nalgún comentario e unha entrevista diaria. E reconezo que voso traballo é agotador, porque eso de recoller con magnetófono unha conversa, logo pasala ó papel e darlle forma, era agotador.

Reconezo que votar á vista atrás e recordar que fun a primeira muller que traballou en Televisión Española de Galicia, a primeira muller que levou os problemas de este país en diversos programas, en épocas difíciles, cando a censura era fortísima, como tiñamos que falar entre liñas, para que non nos censuraran en Madrid. Tamén é gratificante saber que, logo de sete anos de non traballar na radio, os que foron teus compañeiros seguen a ser teus amigos, para o que os

nescesites..., todo isto é realmente gratificante. Aquela etapa foi, en si mesma gratificante, sobre todo cando nunha época difícil, na que os premios non chegaban a miúdo a "provincias", o Ministerio de Información e Turismo e Cultura concedeu o Premio Nacional de Información na Radio, no 77.

Pero no momento que tiver que decidir se radio ou televisión, tampouco me pesou demasiado escoller á televisión. A radio é un medio que me apasiona, pero estou contenta co que fago agora e non a nota nada de menos. Simplemente preparar, ler, estar ó día para facer un programa de dúas horas, diario, xa abonda.

—Teresa Navaza interese pola problemática da muller. ¿Qué saída lle deches a esta preocupación túa na túa vida profesional?

—Na televisión, na época de Cibeiro, fixen un programa que saía polas tardes sobre os problemas da muller. Foron arredor de vinte programas nos que tentamos dar a visión da muller neste país. Tratamos nalgúns capítulos de presentar a situación da muller nos distintos sectores profesionais nos que se atopa, e noutros falamos de temas tales como a sexualidade, á adopción, ó aborto... tratáranse bastantes cousas.

Pero non é a cuestión facer un programa de cando en vez sobre os problemas da muller, se non que diariamente desde a linguaxe, as expresións e os temas, eu personalmente trato de dar unha visión de muller como persoa, con mayúsculas, de dignidade de competencia...

Isabel Puy